



CONCELLO DE PARADELA

2ª EDICIÓN

CERTAME LITERARIO



CONCELLO DE PARADELA

Manuel Oreste
Rodríguez López

IX EDICIÓN CERTAME LITERARIO MANUEL ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ

MODALIDADE: NARRATIVA E POESÍA

BASES

PRIMEIRA: Establécese un premio de 600 euros para a obra que resulte seleccionada polo xurado dentro do apartado de Poesía e outro de 600 euros para a obra que resulte seleccionada polo xurado dentro do apartado de Narrativa.

SEGUNDA: Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo; a obra de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán.

TERCEIRA: O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de dous mil tres. As obras enviaranse por triplicado exemplar, sen sinatura e cun lema, o seguinte enderezo:

CONCELLO DE PARADELA
CERTAME LITERARIO
(Modalidade Poesía/Narrativa)
27611 PARADELA (Lugo)

En sobre aparte e cerrado, constará o lema e o título no exterior, e no interior o nome e apelidos do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia, declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda. Abriránse soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de participación en ámbolos dous apartados, deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso.

CUARTA: O xurado designado polo Concello de Paradelas emitirá o seu fallo e farase público polos medios de comunicación e persoalmente ós gañadores. O xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

QUINTA: As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Paradelas, que se reserva o dereito a publicalas.

SEXTA: As obras non premiadas poderán ser recollidas no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó dictame, transcorrido este prazo, os orixinais non reclamados pasarán a ser propiedade do Concello de Paradelas.

SÉTIMA: O autor ou autores premiados convocaranse ó acto de entrega dos premios, o día que estableza o xurado.

OITAVA: A resolución de tódalas cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria, é da exclusiva competencia do Concello de Paradelas e do xurado.

Paradelas, setembro de 2.003